

Curso de igualdade entre homes e mulleres

Os días 5 e 19 de novembro tivemos unha visita moi especial; veu unha peroa chamada María que nos explicou a importancia da igualdade entre homes e mulleres. Díxonos que todo é para todos e todas, que non ten por que ser unha cousa para homes e outra para mulleres.

O día 5 de novembro falamos do que nos gustaría ser de maiores e comprendimos que as mulleres tamén poden ser futbolistas, por exemplo, e os homes perruqueiros. Fixemos tamén unha actividade sobre o que creíamos que era de homes e o que era de mulleres. María debuxou un home e unha muller no encerado e cada un tiña que anotar as calidades do home e as da muller. Ao final descubrimos que se podían intercambiar.

O 19 de novembro fixemos unha enquisa sobre o que facía cada un na súa casa. Redactamos nun folio diferentes tarefas do fogar e marcamos quen as levaba a cabo. Despois, tres voluntarios fixeron o relato; gañaron as mulleres. Ademáis da enquisa vimos tres videos; dous moi machistas e outro no que se decía que non todas as mulleres teñen que ser iguais.

Andrea e Elisa (6ºB)